

Departamento de francés – curso 2023-2024

Criterios de cualificación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

a) A cualificación ordinaria

Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final

O segundo trimestre terá un peso do 30 % da cualificación final

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final

A cualificación da avaliación final terá en conta as tres avaliacións, ponderadas segundo se recolle nesta programación (20% - 30% - 50% respectivamente).

O alumno aproba a materia cando a media obtida é superior ou igual a 5

b) A cualificación trimestral obtérase da media aritmética das cualificacións obtidas nas probas e tarefas realizadas en cada trimestre. A cualificación farase en base ao punto 3.3 desta programación A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación :

COMPRESIÓN ORAL : 20 %

COMPRESIÓN ESCRITA : 10 %

PROBAS E TAREFAS ORAIS (Producción + interacción + mediación + plurilingüismo + interculturalidade) : 20 %

PROBAS E TAREFAS ESCRITAS (Producción + interacción + mediación + plurilingüismo + interculturalidade) : 50 %

c) Se non se puidese avaliar, nalgún dos trimestres, algunha das destrezas por falta de tempo, contarán mais as outras destrezas avaliadas.

d) O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.

- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.

- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

e) As probas terán unha puntuación sobre 10. Cada pregunta terá unha puntuación especificada na proba mesma e polo tanto coñecida polo alumno mentres fai a proba.

f) As táboas xerais para avaliar as probas de produción, interacción e mediación oral ou escrita elabóranse conxuntamente no departamento. Cada profesor podera adaptar para cada proba as táboas da maneira que considere mais axeitada segundo o nivel, o grupo e os CA que se queren avaliar.

Criterios de recuperación

a) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

b) Rematada a terceira avaliación, no caso de non acadar un 5 sobre 10 na media das tres avaliacións segundo o cálculo 20% / 30% / 50%, o alumnado poderá optar a facer unha proba escrita de recuperación para aprobar a materia. A dita proba reflectirá as competencias e os obxectivos dados durante o ano escolar.

Avaliación da materia pendente

1. Material e plataforma

O alumnado coa materia de francés pendente ten á súa disposición na Aula Virtual do centro actividades que lle permitirán prepararse ao exame da materia pendente. As actividades son interactivas ou poden ser tamén tarefas para entregar. Para os alumnos con problemas de conexión, entregarase un boletín de exercicios.

2. Prazos

En cada curso, a materia pendente estará dividida en varios apartados para facilitar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo. Comuníquese o prazo de entrega das actividades nos cursos da Aula Virtual.

3. Análise trimestral do traballo

Levarase un control das actividades levadas a cabo polo alumnado e un control do grao de consecución das mesmas, aportando as correccións necesarias.

Entregarase ao titor/a un informe trimestral detallando o traballo do alumnado na materia pendente.

4. Comunicación cos alumnos

Todos os alumnos coa materia pendente poden comunicar ás súas preguntas,/dúbdas relacionadas coa materia á xefa de departamento, a través da mensaxería nos cursos da propia Aula Virtual. O alumnado que cursa francés este ano poderá tamén preguntarlle as dúbdas ao seu / á súa profesor/a na clase. Á petición do alumno/a poderanse levar a cabo clases de apoio / reforzo e titorías nos recreos.

5. Procedementos de avaliación

Contemplamos dúas modalidades de avaliación.

a. Alumnos que están matriculados en francés este curso : realizarán tódalas tarefas e probas que corresponden ó seu curso actual. Se acadan os contidos do presente curso entenderemos que teñen avaliado positivamente o curso inferior sen ter que realizar o exame de pendentes. Terán polo tanto que aprobar a materia na primeira avaliación para estar exentos do exame da materia pendente. De tódolos xeitos, o alumnado terá que facer as actividades propostas na Aula Virtual para preparar o exame da materia pendente no caso de non aprobar a materia do curso actual.

b. Os alumnos que xa non cursan francés este ano terán que presentarse ao exame da materia pendente. Consistirá nuha proba escrita que avalía o grao de consecución dos obxectivos do curso correspondente.

Os alumnos terán dúas oportunidades para recuperar a materia pendente : terán un exame no mes de maio e no caso de non aprobar, poderan volver a presentarse no exame oficial no mes de xuño.

6. Criterios de cualificación

20% Nota do traballo realizado ao longo do curso

80% Nota do exame final

Para aprobar, os alumnos terán que obter un 5 ou unha nota superior sobre 10